

Aula Mentor



Introducción

Formación aberta, libre e a distancia a través de Internet, promovida polo Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte en colaboración cun amplo número de institucións (Ministerios, Consellarías de Educación das Comunidades Autónomas, Centros educativos, Concellos, ONG, ...)

A formación apóiase no funcionamento de dúas infraestruturas: as aulas Mentor, con equipamento informático conectado á rede Internet para o seguimento dos cursos e as mesas de traballo, ámbitos virtuais de estudo e comunicación, aloxadas no servidor Mentor para titores/as e alumnos/as.

Os cursos están destinados a mozos e adultos interesados en actualizarse dende o punto de vista laboral e persoal, con independencia da súa titulación e nivel de estudos. Son certificados polo MEPSD e as Comunidades Autónomas, tras a superación dun exame presencial que garante o nivel de coñecementos adquiridos.

A Aula Mentor caracterízase pola súa flexibilidade da que se benefician todos os que participan: o alumnado planifica o seu propio itinerario formativo, determina o seu ritmo de traballo e elixe tanto o horario como o lugar onde estudar o curso; o titor ou titora ten liberdade de horario para tutelar aos seus alumnos/as dende o seu domicilio; as institucións colaboradoras adaptan a oferta formativa e os horarios da aula ás necesidades de formación da súa zona e aos intereses do alumnado.

Un sistema de control -avaliación e análise da actividade de alumnos/as, titores/as, aulas e o mesmo sistema-, permite a continua actualización e perfeccionamento de todos os elementos e actuacións neste modelo de formación.

Na actualidade, Aula Mentor vive unha etapa de expansión. Novas institucións, comunidades Autónomas e países de América Latina vanse sumando ao programa de formación coa apertura de novas aulas. Ao mesmo tempo, vaise ampliando a oferta formativa con máis cursos. Por último, introducíronse modificacións na plataforma de formación, na xestión do alumnado e na organización das aulas para dar cabida a distintas necesidades de formación.

Formación Mentor

As aulas Mentor están distribuídas ao longo de toda a xeografía española e en diversos países de América Latina. Son centros de recursos equipados con varios postos de traballo conectados a Internet e coas aplicacións informáticas necesarias para o seguimento dos cursos. Nas aulas obtense información actualizada sobre a oferta de cursos e o sistema de formación; recíbese un primeiro asesoramento para organizar o posible itinerario formativo; formalízase a matrícula, fíxase un horario de asistencia para utilizar os recursos se o alumnado o precisa e recíbense os materiais do curso cando son de balde.

Os materiais de formación preséntanse en formato impreso ou electrónico. Este último sempre ten a opción de imprimir o contido para facilitar ao estudante o seu labor. Estes materiais complementáanse cos integrados nas mesas de traballo, cursos en liña, as que teñen acceso todos os alumnos/as matriculados/as. As mesas de traballo ofrecen ó estudante, materiais actualizados, exercicios prácticos, avaliacións en liña e acceso a distintas ferramentas telemáticas: correo electrónico do titor/a, foros e taboleiros de intercambio.

O persoal de apoio. Os alumnos e alumnas Mentor contan cun apoio presencial e outro a distancia:

a) á fronte de cada aula existe un responsable da mesma, tamén denominado administrador ou administradora. A súa relación cos alumnos/as é básica para facilitar o proceso dunha formación totalmente a distancia, xa que ao mesmo tempo que resolve os problemas tecnolóxicos que dificultan o traballo dos alumnos, mantén relación cos titores/as dos cursos e o/a informan das incidencias;

b) a titoría faise a distancia a través de Internet. O medio de comunicación utilizado para comunicarse co titor ou titora é o correo electrónico. Por medio deste procedemento pódense consultar dúbidas, enviar as prácticas esixidas no curso e recibir a resposta nun prazo non superior ás 48 horas. A titoría estará dispoñible para o alumno/a de luns a venres menos festivos. Tamén hai unha interrupción durante o mes de agosto.

Matriculación nun curso

A **matrícula** debe realizarse en calquera aula (ver mapa de aulas) á que tamén se pode chamar por teléfono ou solicitar información por correo electrónico. Non existen prazos; a matrícula está aberta todo o ano agás o mes de agosto (as aulas correspondentes a Centros de adultos, permanecen pechadas durante as vacacións escolares).

O **prezo do curso** é de 24 € mensuais. A matriculación inicial é, en todos os casos, de dous meses.

A **duración do curso** é variable segundo a dedicación do alumno/a. Non existen prazos de comezo ou finalización dun curso. Unha vez finalizado o curso, o alumnado pode presentarse a exame en calquera das cinco convocatorias organizadas no ano.

 **Dereitos do alumno/a con matrícula activa:**

- Asistencia á aula nun horario determinado se o alumno/a o precisa.
- Apoio do administrador/a para o manexo de equipos e acceso a Internet.
- Titoría para resolución de dúbidas e avaliación mentres estea activa a matrícula. Exceptúanse fins de semana, festivos e o mes de agosto. A resposta non superará as 48 horas.
- Materiais institucionais do curso.
- Acceso á mesa de traballo do curso.
- Ser autorizado para exame, unha vez finalizadas as actividades do curso.

 **Dereitos do alumno/a que finalizou o curso**

- Presentarse a exame en dúas convocatorias distintas se non superou a primeira.
- Presentarse a exame pasadas tres convocatorias consecutivas sen presentarse.
- Obtención dun certificado de aproveitamento tras a superación da proba final.

(IMPORTANTE) Recorda que os exames son probos presenciais que deberás realizar na aula na que figuras inscrito.

 **Calendario de exames 2009:**

Nº Convocatoria	Mes	Días	Data tope de entrega de exercicios
74	Febreiro	do 9 ao 13	2 de febreiro
75	Abril	do 22 ao 28	14 de abril
76	Xuño	do 10 ao 17	3 de xuño
77	Outubro	do 5 ao 9	28 de setembro
78	Decembro	do 14 ao 18	4 de decembro

Preguntas frecuentes.

Nota informativa sobre a certificación de cursos Mentor:

Os cursos Mentor non substitúen en ningún caso ao ensino regulado, e en concreto, ás titulacións de Formación Profesional. Por outra banda, as competencias en materia educativa en España están transferidas ás Comunidades Autónomas (agás en Ceuta e Melilla), e polo tanto a validez dos certificados emitidos por Aula Mentor para acceder a un traballo dependente da administración pública dependerá sempre da comunidade autónoma correspondente.

Como se accede?

- Con 18 anos cumpridos a data 31 de decembro do ano en que se realiza a matrícula.
- Entre os 16 anos cumpridos e os 18 anos, pódese acceder a estas ensinanzas, cun contrato laboral, acreditando a tramitación dun contrato para a formación ou sendo traballador/a por conta propia.

Os cursos Mentor están destinados a mozos e adultos interesados en actualizarse dende o punto de vista laboral e persoal. Para acceder a esta oferta formativa, deberase localizar a aula Mentor máis próxima dende <http://www.mentor.mec.es>.

Onde se imparte?

Ao tratarse de ensinanzas a distancia, que utiliza como ferramenta básica Internet, o alumno/a matricúlase nun Centro ou Aula de Educación de Persoas Adultas ou Concello (autorizado). Pero ao ser ensinanzas *en liña*, o alumno pode, segundo a súa dispoñibilidade, asistir ao Centro/Aula/Concello ou dende calquera ordenador con conexión a Internet.

Cando podo matricularme?

A matrícula está permanentemente aberta e pode realizarse calquera día do ano agás no mes de agosto, nos horarios que especifique cada aula Mentor (as aulas situadas en centros educativos réxense polo horario escolar).

O curso ten unha duración determinada?

Non. Aula Mentor permite ao alumno/a marcar o seu propio ritmo de traballo, de maneira que cada un/unha distribúe o tempo dedicado ao curso segundo as súas posibilidades.

Debemos estar sempre conectados a Internet para seguir o curso?

Non sempre. Moitas actividades poden realizarse sen estar conectado: consulta de materiais descargados, redacción de mensaxes ao titor, lectura de mensaxes descargadas; non obstante, si existen outras actividades nas que se precisa a conexión a Internet: acceso á mesa de traballo, avaliacións en liña, a teleconferencia, entrada a foros e taboleiros, participación nos taboleiros e lectura de intervencións, envío e recepción de mensaxes e ficheiros, ftp, etc.

E se non dispoño de Internet ou ordenador no meu domicilio ou nunca naveguei por Internet?

As Aulas Mentor existentes aseguran poder dispoñer dun equipo conectado a Internet e, o máis importante, o asesoramento e a axuda do administrador/a de aula nas primeiras comunicacións a través de Internet.

● **Estudarei só?**

Tanto de forma presencial como a distancia, o alumno e a alumna Mentor relacionarase coas persoas que participan, dalgún xeito, na súa formación. Por unha parte, na aula Mentor, conta co apoio do administrador/a que o/a informa, asesora e apoia no manexo de equipos e da comunicación telemática; por outra banda, e a distancia, o alumno/a terá asignado un titor ou unha titora que lle resolverá as súas dúbidas, avaliará e seguirá o seu proceso de aprendizaxe. Ao mesmo tempo, terá a posibilidade de contactar co resto dos seus compañeiros e compañeiras de curso a través dos distintos medios de comunicación telemática.

● **O prezo da matrícula inclúe os materiais didácticos?**

Depende do curso. Algúns materiais son entregados coa matrícula de forma gratuíta. Non obstante, existen cursos con materiais de distribución comercial que debe adquirir o alumno/a. Aula Mentor ofrece a posibilidade, en ocasións, de obtelos a un prezo máis reducido. Por outra banda, nas aulas existen materiais de consulta para as persoas que non desexen compralos. Nun caso e noutro, o administrador/a da aula será o encargado facilitar toda esa información.

● **Necesito un ordenador con conexión a Internet e o programa do curso?**

Toda persoa que decida estudar no seu domicilio necesitará un ordenador con conexión a Internet e a aplicación informática correspondente ao curso. No caso de acudir á aula, alí disporá de todo o necesario.

● **Quen é o titor/a?**

O titor/a é unha persoa especializada nos contidos do seu curso, con experiencia docente e con dominio as aplicacións telemáticas a través de Internet. O seu labor titorial consiste en apoiar, avaliar e facer un seguimento individualizado do proceso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas. Tamén fomentará as interaccións entre as persoas matriculadas no curso para crear unha dinámica de aula.

● **Cando recibirei a resposta do titor/a?**

O titor ou a titora atende a titoría diariamente de forma que o alumnado obterá as respostas ás súas consultas nun prazo non superior a 48 horas (sen contar fins de semana, festivos e o mes de agosto).

● **Un pódese matricular en máis dun curso á vez?**

Segundo as necesidades de formación, a persoa interesada pode organizar un itinerario formativo: o seu curso que integrará distintos módulos (cursos). Despois, poderá optar por matricularse de varios módulos simultaneamente ou de un en un. Só existe como límite, a dispoñibilidade da aula e de titores.

● **Que é unha aula Mentor?**

Unha aula Mentor pode definirse como un centro de recursos equipado con ordenadores, conexión a Internet, programas informáticos, materiais e asesoramento dun administrador, para toda persoa matriculada nun curso. Non obstante, o horario de asistencia á aula terá que establecerse en función da dispoñibilidade da aula.

● **Quen é o administrador/a?**

É a persoa responsable do funcionamento da aula, do asesoramento e da matriculación dos alumnos e as alumnas nos distintos cursos. Tamén apoia o manexo dos equipos e conexións telemáticas. En canto á orientación sobre o curso, o seu labor é o de facilitar a aprendizaxe e apoiar a comunicación co titor/a.

● **Cando se fai a proba final?**

Para obter o certificado, o alumnado deberá superar unha proba final que se desenvolverá na aula. Á devandita proba poderase acceder co visto e prace do titor/a en calquera das cinco convocatorias programadas no ano. Coa matrícula tense dereito a dúas convocatorias.


Que é a mesa de traballo?


É o ámbito virtual de estudo dende onde se accede aos materiais de formación, exercicios, ao grupo de noticias do curso e onde se desenvolve a titoría telemática. En canto ao seu formato componse dunha serie de botóns que posibilitan a formación en liña e a interacción entre alumnos/as e titores/as do curso.


Esta estrutura mantense constante en todos os cursos, de maneira que se facilite o seu uso a aqueles alumnos/as que xa coñezan este sistema. Na propia mesa explícase o funcionamento dos botóns.





Basicamente componse de:

 **Inicio:** Breve presentación acerca do curso, xunto con información xeral sobre Mentor, outros cursos e sobre o funcionamento da mesa, así como preguntas frecuentes. Tamén se amplía a información do curso en cuestión.


 **Axenda:** A Axenda é a ferramenta de guía para o curso, onde figuran as pautas para realizar as actividades, exercicios e avaliacións.


 **Materiais:** Acceso aos materiais do alumnado. Uns cursos teñen dispoñibles nesta opción todos os contidos do curso; outros, só os materiais complementarios dos que se ofrecen no CD ou no libro de texto.


 **Exercicios:** Este apartado contén os exercicios do curso así como outras actividades opcionais para reforzo ou ampliación dos seus contidos.


 **Avaliacións:** Ao finalizar un bloque de contidos, o alumnado deberá realizar unha avaliación en liña a través desta opción. O resultado da proba ofrecerase, tanto ao alumno/a coma ao titor/a, de forma inmediata.

 **Titor/a:** Mensaxe de correo electrónico dirixido ao titor/a asignado.

 **Grupos:** Entrada ao foro para comunicar co resto de compañeiras e compañeiros do curso.

 **Taboleiro:** Relación de temas sobre os contidos do curso, propostos polas titoras e titores deste, e as distintas participacións engadidas polo alumnado. O taboleiro ofrece a posibilidade de consultar todas as intervencións por estar rexistrada nunha base de datos.

 **Mentor:** Para volver á páxina principal de Mentor.

 **Axuda:** Manexo das ferramentas de comunicación da mesa de traballo e do sistema de formación Mentor.

Expídese algún tipo de certificación ao rematar o curso?

Si. Tras superar a proba final, xestionarase o certificado de aproveitamento onde irán consignados os contidos do curso e as horas estimadas. O devandito certificado estará asinado polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellaría de Educación da Comunidade Autónoma correspondente en caso de existir un convenio con esta.

Como funciona o sistema de matriculación e recarga desta?

- A matrícula inicial é de 60 días. Poderá ser recargada posteriormente con períodos de polo menos 30 días que deberán facerse efectivos antes de que expire o período anterior.
- O sistema informará ó alumnado de forma automática os días que lle quedan (cando sexa igual ou inferior a 15 días) e, a partir dese momento avisaralle sobre os períodos de recarga.
- Se se produce unha baixa ou non se recarga a matrícula debe volver lanzarse un novo período de 60 días e non se pode garantir a permanencia co titor/a anterior.

Que cursos podo estudar? Podo matricularme en máis dun curso á vez?

Podes estudar o curso que queiras dos que ofrece Aula Mentor. A lista completa dos [cursos](#) podes vela na nosa web. En Aula Mentor non existen límites para estudar os cursos que queiras simultaneamente, iso depende do teu tempo e da túa capacidade e da dispoñibilidade da aula no que te inscribas se non podes facelo dende a túa casa.

De canto tempo dispoño para estudar un curso?

Aula Mentor permíteche distribuír o tempo que lle dedicas ao curso como mellor che pareza. Non existen límites de tempo.

Como me comunico co meu titor ou titora?

Na páxina de inicio de cada curso existe un botón azul que te comunica directamente por correo electrónico co titor que elixiches e che asignaron. O correo electrónico é o mecanismo máis utilizado para comunicarte co teu titor ou titora. Tamén existe a posibilidade de realizar videoconferencias con programas como NetMeeting e unha webcam sempre que os dous interlocutores dispoñan destes materiais para levala a cabo.

De que prazo dispón o titor ou titora para contestar?

O titor ou titora debe contestar nun prazo máximo de 48 horas (sen contar fins de semana, festivos e o mes de agosto) ás túas preguntas ou dúbidas.

Hai algún período vacacional?

- Si. No mes de agosto non hai actividade en Mentor.
- Algunhas aulas teñen un período de peche superior, pero pode continuar realizándose o curso dende o propio domicilio.

Podo enviar todos os exercicios dunha soa vez?

Non. Os exercicios deben enviarse ao titor/a un a un e sempre despois de obter a resposta ao anterior.

Teño que estar sempre conectado a Internet?

En Internet atoparás materiais, actualizacións e comunicacións para estar ao día de todo o que se refire ao teu curso. Non obstante podes descargarte os arquivos e os materiais que necesitas para estudar e conectarte esporadicamente para comunicarte co teu titor ou titora aforrarrando tempo de conexión e realizando o traballo máis comodamente na túa casa.

Cando teño que facer os exames?

Aula Mentor ofrécete a posibilidade de realizar o exame en cinco convocatorias, distribuídas ao longo do ano. Coa matrícula tes dereito a presentarte en dúas convocatorias. A data destes exames está na [axuda do curso](#).

Os títulos ou certificados son oficiais? Que organismo é o responsable?

Os certificados mentor son títulos de ensino non regulado expedidos polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e pola Consellaría de Educación da Comunidade Autónoma de onde esteas matriculado. Acreditan o "aproveitamento óptimo" do curso e xustifican os coñecementos adquiridos polo alumno ou alumna. Só se concederán os títulos a aquelas persoas que realicen satisfactoriamente o exame presencial correspondente.

Que horario teñen as aulas?

As aulas son recintos de estudo de cada comunidade e que están suxeitas a horarios que poden variar dependendo da dispoñibilidade dos recursos, o administrador/a, etc. Para saber con certeza o horario de cada aula é necesario que te poñas en contacto co administrador/a correspondente.

A quen podo acudir cando me xurda un problema?

O administrador/a é a persoa que che resolverá os problemas técnicos na aula. Dispós tamén dunha axuda xeral en Internet na barra superior do curso (botón verde con interrogante) onde poderás resolver algúns problemas básicos que poidan xurdir.

Normas xerais Mentor.

1. As actividades realizaranse de **forma gradual**, segundo van indicando as correspondentes axendas das mesas de traballo ou segundo as propostas realizadas polo titor/a.
2. En cada mensaxe ao titor/a **só se incluírá unha actividade de carácter práctico** e non se enviará a seguinte ata recibir a corrección da anterior. A resposta debe chegar antes de 48 horas salvo no caso de avaliacións finais no que, debido á súa complexidade, o tempo de corrección é maior
3. Os titores/as, unha vez analizadas as dificultades na aprendizaxe poden **suxerir actividades de carácter complementario**.
4. Non existe **ningún tipo de restrición** en canto ás consultas ao titor, sempre que sexan referidas aos contidos do curso.
5. Ao final de cada curso existe un **cuestionario de avaliación** onde cada alumno debe valorar os contidos e as persoas que apoiaron a súa aprendizaxe. É moi importante que cada alumno/a expoña a súa **opinión**, xa que é a forma de mellorar entre todos as actividades de Mentor.

Documentación para a matrícula

- Fotocopia do DNI
- Impreso de matrícula correctamente cuberto
- Xustificante de ingreso de matrícula en conta bancaria

Datos para facer o ingreso da matrícula e recargas:

Entidade: **CAIXANOVA**

Nº de Cta.: **2080 0174 12 0040000430**

Beneficiario: Aula Mentor IES Armando Cotarelo Valledor.

O ordenador/a: Figurará o Nome do Alumno.

Concepto: Nome do Curso no que se Matricula.

Cantidad: 48 € para os dous primeiros meses e 24 € en meses sucesivos.

(*) As mensualidades deben ser ingresadas uns días antes de que finalice o prazo.

O seu xustificante debe entregarse na Aula.

No caso contrario, prodúcese a baixa automática do alumno/a.

Para máis información:

AULA MENTOR IES Armando Cotarelo VALledor

e-mail: avim0044@encina.pntic.mec.es

web: <http://centros.edu.xunta.es/iesarmandocotarelo>

IES Armando Cotarelo Valledor

Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4-6 - Sobradelo

36611 VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)

Tfno: 986 512311 - Fax: 986 512128

OFERTA FORMATIVA

Internet 2006 / [Internet 2006](#)

Mantemento de Equipos Informáticos / [Mantenimiento de Equipos Informáticos](#)

Introducción á Informática con Windows / [Introducción a la Informática con Windows](#)

Teletraballo e comercio electrónico / [Teletrabajo y comercio electrónico](#)

Medios audiovisuais - Fotografía / [Medios audiovisuales - Fotografía](#)

Medios audiovisuais – Imaxe en Movemento / [Medios audiovisuales - Imagen en Movimiento](#)

Fotografía Avanzada / [Fotografía Avanzada](#)

Prevenção de Riscos Laborais / [Prevención de Riesgos Laborales](#)

Como crear unha Peme / [Cómo crear una Pyme](#)

Turismo Rural / [Turismo Rural](#)

Xestión inmobiliaria / [Gestión inmobiliaria](#)

Información turística / [Información turística](#)

Climatización e Aire Acondicionado / [Climatización y Aire Acondicionado](#)

Instalador Electricista / [Instalador Electricista](#)

Micro PLCs. Automatización Doadá / [Micro PLCs. Automatización Fácil](#)

Atención Xeriatrica / [Atención Geriátrica](#)

Nutrición 2007 / [Nutrición 2007](#)

Cuidados do Ancián / [Cuidados del Anciano](#)

Prevenção de Drogodependenzas / [Prevención de Drogodependencias](#)

Conflitos internacionais / [Conflictos internacionales](#)

Educación Sexual / [Educación Sexual](#)

Educación Infantil / [Educación Infantil](#)

Historia da Arte / [Historia del Arte](#)

Inglés iniciación. Módulos 1 e 2 / [Inglés iniciación. Módulos 1 y 2](#)

Agricultura Ecolóxica / [Agricultura Ecológica](#)

Energías Renovables / [Energías Renovables](#)

Energía da Radiación Solar / [Energía de la Radiación Solar](#)

Energía Solar Térmica / [Energía Solar Térmica](#)

Energía Solar Fotovoltaica / [Energía Solar Fotovoltaica](#)

Non deixes de consultar a nosa páxina web, en calquera momento pódese ofertar novos cursos.